

PALABRAS DE MANUEL BALTAR NO ACTO DE ENTREGA DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA, A TÍTULO PÓSTUMO, A LUIS RODRÍGUEZ MÍGUEZ

Ourense, 13 de xuño de 2019

Autoridades e representacións. Familiares do doutor Luis Rodríguez Míguez.

Brindar con auga para conmemorar esta data. A ben seguro que a figura que hoxe homenaxeamos, o doutor Luis Rodríguez Míguez, estaría de acordo con iso, con que todas as persoas que participamos neste acto, na sala representativa da vontade democrática do pobo de Ourense, alzásemos unha copa do noso “ouro transparente” para desexarlle ao termalismo, aló menos, outros dos mil anos de historia.

Aquae Urente (augas abrasadoras). Esta é unha das terminoloxías que sinala as orixes da palabra “Ourense”, un territorio xa considerado polos romanos -e quizais moito antes- como un lugar terapéutico. Tanta foi a importancia que lle deron ás nosas terras e á capacidade curadora das augas, que as relacionaron con deidades, pois resultaba difícil de explicar como o elemento básico da vida, este líquido transparente que calma a sede, podía ter, ademais, a forza sanadora só atribuída aos deuses.

E o segredo está a 3 quilómetros de distancia baixo nós. Alí, o forno natural que da berce ás nosas augas termais, quenta a auga da chuvia e nun ciclo que dura nada máis e nada menos que 28 anos, transforma o “ouro líquido” en *Aquae Urente*, fundindo nela a riqueza mineral e conformando ese fluído vital característico da nosa provincia.

Así pois, como homenaxe á nosa terra, igual que creamos e cremos en Ourense como referente de acontecementos que

marcaron o rumbo da historia, a modo de homenaxe, digo, a próxima vez que vexamos chober pensemos que esa auga que molla o solo e que desaparece absorbida pola terra, volverá saír dentro de tres décadas a máis de 60° de temperatura, ou mesmo a 77°, como acontece en Río Caldo (Lobios), cuxas augas son ás mais quentes de Europa.

Un calor que non se disipa porque conta co abrazo eterno da nosa Terra Nai.

Unha terra, Ourense, á que o doutor Rodríguez Míguez conquistou para que lle revelase os seus máis fondos segredos, pois foi el, como pai do termalismo moderno, quen lle deu forma, estrutura, sapiencia e amor ao elemento máis característico, o que nos viste de saúde por dentro e por fora: a nosa auga termal.

Foron os afiadores os encargados de percorrer o mundo, desde Ourense ata os confíns, camiñando sobre a casca da Terra. E foron, e son, as nosas augas termais as encargadas de facer ese mesmo camiño pero por baixo, por entre os vieiros telúricos onde agroma o xenuino da nosa orixe terreal.

Luis Rodríguez Míguez foi testemuña, exactamente, de tres deses ciclos da nosa auga termal, de 28 anos cada un: faleceu aos 84 anos, deixándonos como agasallo eterno a súa erudición transformada en practicidade, e esa pegada que só teñen os pioneiros, aqueles que cren no que fan e que o fan porque o cren.

Por iso é de “xustiza termal” (permítanme a licencia) que hoxe recoñezamos oficialmente a figura do doutor Rodríguez Míguez diante da súa viúva, Mariluz; da súa filla, Alejandra Juno, e de toda a sociedade que valora o labor desde “tradutor hídrico”, como poderíamos dar en chamar á persoa que, coas súas investigacións, foi quen de ensinarnos a prezar o termalismo e todas as súas bondades.

Un recoñecemento ao que comezamos a darlle forma dez meses despois do seu pasamento, acontecido en decembro de 2016, cando firmei a providencia para incoar o expediente da medalla de ouro que hoxe entregamos. Unha distinción coa que a Deputación de Ourense quere pór en valor as importantes achegas de Luis Rodríguez Míguez na investigación e promoción do termalismo contemporáneo; e como precursor dos estudos sobre as augas mineiro medicinais e o seu uso clínico, destacando entre elas a obra *Estudio Histórico Bibliográfico del Termalismo: principales surgencias de la provincia de Ourense*, toda unha “Biblia” do noso termalismo.

Foron moitas as persoas e entidades que se adheriron a este merecido recoñecemento, a título póstumo, en favor do doutor Rodríguez Míguez, quen foi un destacado profesional da saúde pública, estando á fronte da Xefatura Provincial de Sanidade en Ourense, e sendo tamén director xeral de Saúde Pública e presidente da Academia Médico-Cirúrxica de Ourense.

Compaxinou esta actividade coa súa vocación docente na Cátedra de Medicina Preventiva de Santiago, na Escola de Formación do Profesorado e na Facultade de Humanidades e de Ciencias do Campus de Ourense, onde a súa labor docente fixérono merecente de importantes recoñecementos como a primeira Medalla de Ouro da Facultade de Ciencias de Ourense, no ano 2004.

O termalismo, no que cría o doutor Míguez, é, sen dúbida, un elemento estratéxico para a competitividade da nosa provincia. Por iso puxemos en marcha, conxuntamente, a Deputación de Ourense e a Xunta de Galicia, o Plan “Ourense, a provincia termal”, un itinerario para potenciar, desenvolver e promocionar o ben Ourensán máis característico.

A auga que flúe e comunica cos seus fíos invisibles historia, cultura, pobos e xentes, ten na provincia de Ourense, por calidade

e cantidade, un manancial de futuro no que todos estamos chamados a mergullarnos, e agora máis que nunca, a piques de experimentar a transformación máis importante que terá Ourense neste século XXI: a chegada da Alta Velocidade.

Un avance tecnolóxico do que iremos da man, xunto coas nosas tradicións e as nosas singularidades, para seguir facendo unha defensa máxima “do noso”, de Ourense con maiúsculas, de Ourense como punto de partida, meta e cumio de tantas ilusións e proxectos que están por vir, e que seguirán situándonos no lugar que merecemos na historia como pobo traballador, creativo e emigrante que somos.

Agora, que estamos no limiar da conmemoración do centenario da “Xeración Nós”, que terá lugar o vindeiro ano, 2020, no que se cumpre un século da aparición da revista e dunha xeración que alumeou o pensamento político galeguista, como digo, agora que imos celebrar tan sobresaínte efeméride cultural, quero citar unha frase dun dos grandes da nosa intelectualidade, Antón Fraguas, a quen se lle dedicou este ano o Día das Letras Galegas.

Fraguas dixo:

“Eu traballei sempre por e para Galicia. Unhas veces acertei, outras non; pero en todo canto levo feito puxen sempre toda a miña ilusión. A miña modesta obra non é máis que un pequeniño gran de area no montón que foron facendo todos aqueles que, de moi distintas maneiras e cadaquén ó seu xeito, traballaron ó longo dos anos, traballan agora e seguirán traballando arreo no futuro, sempre desinteresadamente, non máis que polo ben de Galicia”.

Así foi tamén a vida e a obra de Luis Rodríguez Míguez: un percorrido de ilusión e afecto pola súa terra, polas súas xentes e

pola defensa dun dos grandes tesouros que temos e que nos da a vida: a nosa auga.

El traballou modestamente, pero agrandando horizontes e elevando ao carácter científico, e á vez cotián, o noso termalismo.

E ao calor dese afecto, ao calor tamén da auga termal coa que hoxe merece que brindemos, remato agradecéndolle a todos a súa presenza, porque ESTAR e SER son dous verbos que o doutor Míguez conxugou perfectamente ao longo da súa vida: soubo ESTAR sempre ao servizo da súa terra, e foi quen de SER merecente da estima de todos nós.

Por Luis Rodríguez Míguez. Por Ourense.

Moitas grazas.

Teño dito.